

## **CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DO SEU CORPO DE POLICÍA LOCAL E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN**

A Estrada, asinado dixitalmente

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, na disposición transitoria do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia en relación ao Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, Juan Antonio González Pérez, titular da Alcaldía do Concello de Nigrán, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultada para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión do 28 de outubro de 2025, en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril.



Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

### EXPOÑEN:

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que *"A Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración"*.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que *"a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixiantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade"*.

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixiantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data 28 de outubro de 2025, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de Nigrán delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos **procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de Policía Local e ás prazas de auxiliares de policía local, pola quenda de acceso libre e promoción interna, excluindo os procedementos de provisión por mobilidade**, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.



Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

### CLÁUSULAS:

#### **PRIMEIRA: Obxecto.**

Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Nigrán na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de Policía Local e ás prazas de auxiliares de policía local, pola quenda de acceso libre e promoción interna, excluindo os procedementos de provisión por mobilidade.

En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e para as prazas de auxiliares de policía local, pola quenda de acceso libre e promoción interna, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

A disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro xa foi desenvolvida na súa totalidade, polo que a delegación realizada polo Concello de Nigrán para todos os procesos obxecto deste convenio é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

#### **SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.**

O concello de Nigrán, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá



comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía Local.

A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.

Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

- Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
- Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local.

### **TERCEIRA: Alcance da delegación.**

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:
  - A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.
  - O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.
  - A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.
  - A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.
  - A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.
  - Se o convenio inclúise a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 e 19.bis do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.



- Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.
  - A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.
2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

#### **CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás distintas categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e ás prazas de persoal auxiliar de policía local sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:
- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
  - Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello a dita



circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 e 19.bis do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

#### **QUINTA: Obrigas do concello.**

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

1. Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.
2. Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, as persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local as persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.
3. Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na liña anterior.
4. Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.



5. Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e á Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

#### **SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.**

A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **SÉTIMA: Comisión de seguimento.**

Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

#### **OITAVA: Vixencia.**

Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.



Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

#### **NOVENA: Causas de resolución.**

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:
  - a. A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.
  - b. O incumprimento das cláusulas do mesmo.
  - c. O mutuo acordo das partes.
  
2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

#### **DÉCIMA: Modificacións.**

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante *addenda*, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.**

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:
  - Identificación das partes que interveñen.
  - Importe do financiamento.
  - Data da sinatura.
  - Finalidade.
  - Período de vixencia.



2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

### **DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.**

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 da citada Lei de contratos do sector público.
2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.
3. Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase no lugar arriba indicado.

O conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes e presidente do  
Consello Reitor da Academia  
Galega de Seguridade Pública

O alcalde do Concello de Nigrán

Diego Calvo Pouso

Juan Antonio González Pérez





**ANEXO I - MODELO DE COMUNICACIÓN DAS PRAZAS A CONVOCAR- CONCELLO DE**

-----

**1.- Prazas a convocar DAS DISTINTAS CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL**

(Referencia da aprobación e publicación da correspondente oferta de emprego público)

| Nº PRAZAS | DENOMINACIÓN | ESCALA | CATEGORÍA | TITULACIÓN ESIXIBLE | NIVEL | SISTEMA DE ACCESO | PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN |
|-----------|--------------|--------|-----------|---------------------|-------|-------------------|---------------------------|
|           |              |        |           |                     |       |                   |                           |
|           |              |        |           |                     |       |                   |                           |
|           |              |        |           |                     |       |                   |                           |

(De ser o caso, indicando as prazas ás que afecte:

Funcións:

-----

Condicións:

-----

Requisitos:

-----

**2.- Prazas a convocar de AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL**

**Grupo profesional: C2**

**Titulación esixible: Graduado en ESO ou equivalente**

**2.1.- Prazas a convocar:**

| NÚMERO DE PRAZAS | DATA DE INICIO DO CONTRATO | DURACIÓN PREVISTA DA CONTRATACIÓN |
|------------------|----------------------------|-----------------------------------|
|                  |                            |                                   |

**2.2.- Lista de auxiliares de policía local no ano en curso:**

| Nome e apelidos | Data inicio de contrato | Data fin de contrato | Período contratado |
|-----------------|-------------------------|----------------------|--------------------|
|                 |                         |                      |                    |
|                 |                         |                      |                    |
|                 |                         |                      |                    |
|                 |                         |                      |                    |





**ANEXO II**  
**MODELO DE CERTIFICACIÓN DA SECRETARÍA DO CONCELLO**

-----, titular da Secretaría do Concello de -----,

CERTIFICA

Que se compren os requisitos esixidos pola lexislación vixente para a convocatoria dos procesos selectivos das prazas que se recollen no documento Anexo I a esta certificación.

E para que así conste ao efecto da comunicación das devanditas prazas á Academia Galega de Seguridade Pública para a convocatoria do/s correspondente/s procesos/s selectivo/s unitario/s, de acordo co previsto no convenio de data XX/XX/XXXX asinado entre este concello de ----- e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, expido e asino esta certificación por orde e co visto e prace do/a alcalde/esa.

Data

